


LOURDES NOYA FERREIRO, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,



CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno da USC, na súa sesión do día trinta de setembro de dous mil dez, aprobou a modificación do Regulamento do Centro de Estudos Avanzados, que queda redactado nos termos do documento adxunto.

E para que así conste, asino a presente certificación, en Santiago de Compostela, a trinta de setembro de dous mil dez, co Visto e Prace do Sr. Reitor.

O Reitor



Juan José Casares Long





CENTRO DE ESTUDOS AVANZADOS  
CASA DE EUROPA

## Regulamento do Centro de Estudos Avanzados-Casa de Europa

### Primeiro: Creación e sede

A USC crea o Centro de Estudos Avanzados-Casa de Europa, que terán a súa sede nos edificios cedidos polo Consorcio da Cidade de Santiago á Universidade no parque universitario de Vista Alegre, mentres se manteña a citada cesión.

### Segundo: Dirección e xestión

Para os efectos da súa dirección e xestión, o Centro de Estudos Avanzados-Casa de Europa consideraranse como un complexo unitario.

A actividade académica do Centro será xestionada de xeito directo pola Universidade baixo a autoridade do/da director/a e co apoio da estrutura administrativa que se determine. A actividade loxística e comercial do complexo poderá ser xestionada indirectamente por calquera dos entes instrumentais de xestión -de réxime público ou privado- de que a USC se dote, a través da correspondente encomenda.

### Terceiro: Funcións do Centro de Estudos Avanzados

Son funcións do Centro de Estudos Avanzados as seguintes:

- 1- Servir de nexos entre a comunidade científica galega, española e internacional, en xeral, e a compostelá e luguesa, en particular, a través da organización de actividades como:
  - a) Invitacións a científicos/as relevantes no plano internacional para impartir conferencias ou cursos.
  - b) Organizar actividades de contacto entre o noso persoal docente e investigador con membros doutras comunidades científicas.
  - c) Establecer un marco estable de contactos científicos entre o profesorado universitario e o ensino non universitario.
  - d) Contribuír a establecer e consolidar as relacións coa contorna social, económica e cultural.
- 2- Favorecer e impulsar a actividade interdisciplinaria entre as grandes áreas de coñecemento científico.
- 3- Ser un espazo preferente para a reflexión sobre o papel da Universidade e de cómo os procesos de integración europea e os de innovación tecnolóxica modifican as súas funcións e a súa práctica docente, e para facilitar a óptima adaptación da USC a eses novos contextos. Para estes efectos, o CEA promoverá actividades como:
  - a) Cursos e conferencias sobre xestión, política e tecnoloxía docente universitaria.
  - b) Reunións con universidades europeas, especialmente as do Grupo Compostela, para homoxeneizar e establecer acordos en materia de currículos e intercambio de estudantes, profesores/as e xestores/as, no marco da chamada "Declaración de Bolonia".

4- Ser o punto de referencia para que a comunidade científica universitaria divulgue na sociedade o estado da ciencia, a técnica, as humanidades e as artes e responda ás súas preocupacións máis inmediatas cando haxa unha cuestión concreta e urxente do seu interese. O desenvolvemento desta función suporá realizar actividades como:

- a) Accións sistemáticas de divulgación científica.
- b) Organización de seminarios ou conferencias sobre temas de interese social.

En relación ás devanditas funcións do CEA, integraranse na súa programación o "Foro Universitario" e as actividades das cátedras de Extensión Universitaria que se estimen oportunas.

#### **Cuarto: Funcións da Casa de Europa**

A Casa de Europa ten a función de dar soporte loxístico á actividade do CEA, mediante a prestación de servizos de aloxamento e outros complementarios a eles asociados, así como facilitar servizos e espazos para a actividade representativa da USC.

A Casa de Europa poderá igualmente prestar os seus servizos de aloxamento a profesores/as visitantes da USC e a autoridades invitadas pola institución, a través do asinamento de convenios específicos; a estudantes de posgrao, así como a participantes en actividades científico-académicas promovidas por entidades públicas ou privadas colaboradoras da USC.

#### **Quinto: Órganos de dirección**

Os órganos de dirección do complexo Centro de Estudos Avanzados- Casa de Europa, son os seguintes:

- O Consello Directivo
- O Consello Científico
- O/A director/a
- O órgano de mecenado, de ser o caso.

#### **Sexto: O Consello Directivo**

O Consello Directivo do CEA-CE estará constituído por:

- O/A reitor/a, que o presidirá.
- Os/As vicerreitores/as con competencias en economía e financiamento, investigación e innovación, comunicación, proxección exterior e relacións institucionais, e extensión cultural e servizos á comunidade.
- O/A director/a do CEA-CE.
- O/A xerente/a da Universidade, que actuará como secretario/a.

No caso de se constituír o órgano de mecenado, un representante elixido polos seus membros.

No caso de se xestionaren os servizos loxísticos do complexo mediante un sistema indirecto, de acordo co establecido no artigo 3, o/a conselleiro/a-delegado/a ou director/a do ente encargado dela.

O Consello Directivo será presidido e convocado polo/a reitor/a, terá cando menos unha reunión anual e desenvolverá as seguintes funcións:

- Aprobar o proxecto de orzamento para a súa integración no xeral da USC.
- Aprobar o plano anual de actividades do CEA-CE que lle propoña o/a seu/súa director/a.
- Coñecer e aprobar a memoria económica e de actividade do complexo.
- Propoñer convenios de colaboración con empresas e institucións, así como as tarifas pola prestación de servizos.

-Acordar, de ser o caso, a constitución ou disolución do órgano de mecenado, así como a súa composición.

-En xeral, todas as que afecten a cuestións administrativas, xestoras e económicas.

#### **Sétimo: O Consello Científico**

O Consello Científico do CEA-CE estará constituído por:

-O/A reitor/a, que o presidirá

-Tres profesores/as por cada unha das grandes áreas de coñecemento científico da USC, nomeados/as polo/a reitor/a, oído o Consello de Goberno.

-O/A director/a.

-O/A nomeado/a como director/a para o seguinte mandato.

Ás sesións do Consello Científico asistirá un/unha funcionario/a de Administración e Servizos da USC, que realizará as funcións de secretario/a.

Cada dous anos procedese á renovación de cinco dos membros do Consello Científico, un por cada unha das grandes áreas de coñecemento científico da USC, de tal modo que se produza cada seis anos a renovación completa do Consello Científico.

O Consello Científico reunirse, cando menos, dúas veces ao ano e desenvolverá as seguintes funcións:

-Coñecer e emitir informe sobre o orzamento anual para a súa consideración polo Consello Directivo.

-Informar o programa de actividades do centro para a súa aprobación polo Consello Directivo.

-En xeral, todas as de informe e seguimento da actividade científica do complexo.

#### **Oitavo: O/A director/a**

O/A director/a será un/unha profesor/a da USC nomeado/a polo/a reitor/a, oído o Consello de Goberno, por un período de catro anos. No momento da designación ou toma de posesión dun/dunha director/a farase a designación do/da seu/súa sucesor/a, co obxecto de este/esta poder planificar axeitadamente o seu traballo.

Son funcións do/da director/a:

-Propoñer o orzamento e o programa de actividades do Centro aos seus órganos.

-Dirixir as actividades do Centro.

-Promover acordos de colaboración con entidades públicas e privadas para o financiamento do Centro.

-Administrar o seu orzamento.

-Elaborar a súa memoria anual.

-En xeral, todas as non atribuídas a outros órganos.

O/A director/a do CEA-CE terá a consideración de cargo académico asimilado, para os efectos económicos e administrativos, aos/ás decanos/as ou directores/as de centro.

#### **Noveno: O órgano de mecenado**

Podrá crearse un órgano de mecenado no que se integren representantes das empresas e institucións que, de forma estable, colaboren co Centro de Estudos Avanzados-Casa de Europa e o financien.

A condición de membro do órgano de mecenado, que será adquirida mediante o asinamento dun convenio de colaboración específico, será publicitada pola Universidade nas instalacións e elementos de difusión do programa de actividades, e poderá dar lugar á contraprestacións de uso e presenza no complexo CEA-CE que se establezan nos convenios.

O órgano de mecenado reunirse cando menos unha vez ao ano, para coñecer a memoria anual e o programa de actividades do Centro.

Anualmente o órgano de mecenado elixirá un/unha representante para se integrar no Consello Directivo.

#### **Décimo: Cobro de servizos**

O CEA-CE propondrá ao Consello de Goberno as tarifas pola prestación de servizos docentes, de apoio, residenciais e de uso de espazos e instalacións, que serán facturados tanto a usuarios internos como externos.

#### **Undécimo: Orzamento**

O orzamento de gastos do Centro de Estudos Avanzados-Casa de Europa integrarase no xeral da USC, procurando unha diferenciación contable entre os destinados para o desenvolvemento das actividades e os dedicados ao financiamento dos servizos loxísticos.

Os ingresos do CEA- CE integraranse igualmente no orzamento ordinario da Universidade. Non obstante, poderá establecerse que o cobro das tarifas por servizos loxísticos sexa realizado polo ente ao que, de ser o caso, se lle encomende a xestión destes.

O Regulamento do Centro de Estudos Avanzados-Casa de Europa foi aprobado na sesión do Consello de Goberno do día 23 de setembro de 2003.